

# Equipo Psicopedagógico

Contributed by Administrator  
miércoles, 09 marzo 2011

## EQUIPO PSICOPEDAGÓXICO

O centro conta con 3 tres especialistas dedicados á Orientación. Esta concíbese coma unha actividade orientadora , como unha formulación preventiva das dificultades e desarrollista das competencias dos alumnos , adoptando unha perspectiva sistémica.

A través deste equipo, pónense en marcha programas de actuación dirixidos a mellorar a calidade do centro.

A liña de actuación do Departamento de orientación é por programas mediante accións planificadas , encamiñadas a lograr uns obxectivos cos que satisfacer necesidades dirixidas ao alumno con carácter preventivo e de desenvolvemento , deseñando uns obxectivos concretos , planificados , executados e avaliados na que van intervir non só o Departamento de Orientación senón todos os compoñentes da comunidade educativa ( profesores , equipo directivo , pais&hellip; )

O Departamento de Orientación desenvolve a súa actividade desde a vertente escolar , vertente vocacional e vertente persoal.

## ACTIVIDADES E PROGRAMACIÓN

### NA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Centramos a nosa intervención na vertente escolar:

- Aplicación de probas diagnósticas acorde á consecución dos obxectivos perseguidos.
- Elaboración de informes sobre aqueles alumnos cuxos pais ou profesores así o requiran.
- Asesoramento e orientación a alumnos , pais e profesores.
- Atención aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo ( ACNEAE )en tarefas de reforzo e recuperación ao labor desempeñado polo profesor no aula.

O Departamento de Orientación pon en marcha un programa de ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE para nenos de 3 , 4 , 5 anos da Educación Infantil co Título ENSEÑAME A Falar.

## NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

É a primeira etapa na que os alumnos son atendidos por un equipo amplo de profesores do que se deriva claramente a importancia da acción titorial e a correspondente coordinación docente.

En canto ás necesidades educativas non só son atendidas igual que nas etapas anteriores senón que a súa atención redóbrase expóndose Reforzo Educativo , Adaptación Curricular , Programas de Diversificación Curricular , Opcionalidade .

Na ESO o Departamento de Orientación realiza unha dobre función asesorando tamén ao alumnado nas materias

optativas que teñen que cursar en 3 e 4<sup>o</sup> curso.

## AS ACTIVIDADES A DESENVOLVER REALÍZANSE POR NIVEIS

### 1<sup>o</sup> ESO

Aplicación dunha batería compuesta dunha proba de intelixencia xeral de aptitudes básicas para o estudo e un cuestionario de personalidade.

### 2<sup>o</sup> ESO

Procédese igual que en 1<sup>o</sup> da ESO para os alumnos de nova incorporación. Realízase un estudo de casos individualizados que xorden nos distintos momentos do curso segundo a problemática presentada.

O Departamento de Orientación intervén xunto co profesor de apoio no seguimento daqueles casos con dificultades nas Técnicas instrumentais básicas , atención ou dificultades no estudo a través dun apoio dirixido.

Ademais neste proceder tamén destacamos a asistencia e participación ás reunións de avaliación co fin de favorecer un maior coñecemento do alumno.

### 3º ESO

Elaboración de informes individualizados aos titores que o soliciten dos seus alumnos para entrevistas de acción tutorial co alumno ou a súa familia.

Apoio e seguimento do alumno con dificultades no estudo ou no seu rendemento.

### 4º ESO

Asesoramos ao alumnado sobre as decisións que teñen que tomar : bacharelato , ciclos formativos, selección de materias optativas... Igualmente, prestamos axuda no proceso de toma de decisións sobre as súas opcións vocacionais.

Aplicarase no 3º trimestre do curso probas sobre intereses e preferencias vocacionais , ofrecendo todos os medios de información para realizar o Bacharelato ou trípticos sobre os ciclos formativos de forma que lles sexa máis fácil a toma de decisións segundo preferencias e aptitudes.

Manteranse entrevistas cos alumnos e se se considera necesario coas familias.

Dentro da SEMANA DA ORIENTACIÓN proponse unhas charlas informativas para orientalos sobre as opcións que teñen ao finalizar 2º ESO e 4º ESO.

O alumno/a terá unha entrevista persoal co Departamento de Orientación para falar de como organizar o estudo , cando e como estudar e sacarlle o maior rendemento posible ás súas preferencias académicas e profesionais á hora de realizar a toma de decisións máis adecuada.

Desde o Departamento de Orientación informarase á familia en todo momento da toma de decisións máis adecuada.

Ao principio de curso o Departamento de Orientación explicará ás familias as súas liñas de actuación en todos os ámbitos desde a educación Infantil , a Educación Primaria e a ESO.

Coa colaboración da ANPA ( asociación de pais de alumnos ) organizaremos charlas educativas para pais e alumnos sobre temas de interese ( Uso responsable das tecnoloxías da información , Como inflúen as tecnoloxías na educación dos nosos fillos, A hiperactividade nos nosos fillos , Problemas de conduta na escola e na casa , Dificultades de aprendizaxe e a desmotivación , Intercambio de alumnos para estudar no estranxeiro ).

O Departamento de Orientación lembra ao alumnado da ESO que ten a súa disposición blogs orientados á toma de decisión sobre os seus estudos.

Pode consultar o programa Orienta na seguinte ligazón:

<http://www.elorienta.com/losremedios/>

Neste blog está disponible o Orientaline (aplicación interactiva). Ademais, pode consultar o Orientaline fóra do blog (como unha aplicación) na seguinte ligazón:

<http://www.orientaline.es/?yafxb=36148>

Disponible en distintos dispositivos ( móbiles, ordenadores, tablets,&hellip;)

